



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2013, DE 27 DE NOVEMBRO, DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, NO RELATIVO Á TRAMITACIÓN DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA E DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL.

Visto o Proxecto de Decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de 27 de Novembro, de Inclusión Social de Galicia, no relativo á tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social, sometido a exposición pública, os concellos de A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela presentan as seguintes

ALEGACIÓNS:

1º. CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Os desequilibrios sociais do noso país, as altas taxas de risco de pobreza, que non se reduciron nos últimos anos, e a severa crise que atravesamos, na que non unicamente se incrementaron de modo alarmante os niveis de desemprego, senón que se acrecentaron tamén os problemas sociais, fan irrenunciable que dende todas as Administracións Públicas se intensifiquen e multipliquen as políticas de inclusión social.

Dados os niveis de desenvolvemento cos que conta a nosa sociedade, independentemente da conxuntura económica na que nos atopemos, non se pode consentir que determinadas persoas sufran privacións básicas ou circunstancias que non so representan unha debilidade para a nosa democracia senón que son insostibles dende un punto de vista de posta en valor da vida e da Xustiza Social.

A rede de prestacións mínimas debe chegar ao conxunto das persoas garantindo que todas teñan uns ingresos suficientes para vivir con dignidade e que conten con servizos de apoio suficientes. Asemade, as políticas sociais deben estar formuladas de tal xeito que todas as persoas ganen, deben de ir dirixidas ao conxunto da poboación e ser accesibles a toda a veciñanza que, polas súas circunstancias persoais ou sociais, necesiten de tales políticas. Trátase de desenvolver servizos públicos universais de calidade dirixidos á redución das desigualdades. Se as políticas sociais non se fan dende a perspectiva universal corremos o risco non só de que non resulten valoradas, senón que supoñan un enfrontamento pola disputa dos recursos das clases baixas ou medio baixas, cos colectivos en situación de pobreza.



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”, prevé o **artigo 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos**.

“A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orde político e da paz social” dispón o **artigo 10.1 da Constitución Española** (CE), o primeiro e único do título I, regulador dos dereitos e deberes fundamentais, a maneira como nunha democracia o poder público debe servir á conciliación do interese particular co ben ou interese xeral. En coherencia con iso, o artigo 9.2 da CE establece que lles “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”. Por outra banda, complementariamente, o artigo 39 da CE imponse aos poderes públicos a obriga de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Polo tanto, é obriga dos poderes públicos garantir de modo efectivo os dereitos fundamentais de todas as persoas. Estre eses dereitos inclúese ter unha vida digna, o que require contar con uns ingresos e servizos suficientes para poder vivir adecuadamente e unha protección que permita expectativas de futuro e a capacidade de tomar decisión de modo libre e autónomo.

É tamén responsabilidade dos poderes públicos actualizar e adecuar a contía das prestacións mínimas á situación socioeconómica da contorna e garantir ingresos mínimos suficientes para a cobertura das necesidades básicas e o exercicio dos dereitos fundamentais e nese sentido, a contía das prestacións deberá ser acorde co SMI (Salario Mínimo Interprofesional) e ser este o criterio para a determinación das contías das prestacións sociais que se prevén na lei 10/2013.

No sentido de realizar aportacións ao proxecto de decreto mencionado e intensificar os esforzos no combate á desigualdade e dar pasos valentes que poñan no centro ás persoas, os concellos de A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela presenta as seguintes alegacións.



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



2º. ALEGACIÓNS FORMAIS, SISTEMÁTICAS OU DE TÉCNICA NORMATIVA:

Alegación 1.- Referente ao artigo 4 (“Procedemento de valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social”):

Suxírese refundir os apartados 2 e 3, e reenumerar o apartado 4 como apartado 3.

Alegación 2.- Referente ao artigo 6 (“Estrutura”):

Suxírese substituír a expresión “Tal y como” por outra de igual significado mais apropiada (“Nos termos recollidos ...” ou similar). Esta alegación faise extensible a outros preceptos do proxecto que inclúen a mesma expresión (artigo 10 ...).

Alegación 3.- Referente aos artigos 7 a 9:

Suxírese suprimir estes artigos: non completan, agás no disposto no parágrafo dous do artigo 8.1, a Lei 10/2013, e tampouco se limitan a reproducir o texto legal, xa que se eliminan algunhas das previsións contidas na Lei 10/2013.

Distinto é o caso en que se opta por reproducir integramente o texto legal para lograr a “máxima utilidade e coherencia interna co obxectivo de facilitar a súa aplicación”, como sinala o preámbulo. Neses supostos, e aínda que as regras da boa técnica normativa indican outra cousa, parece mais acaída a reprodución do texto legal. Pero transcribir o texto en parte, xera confusión e inseguridade.

Alegación 4.- Referente ao artigo 12:

Novamente, o artigo límitase a reproducir literalmente a Lei 10/2013, agás no disposto no parágrafo 2. Pois ben, este parágrafo 2, no que se pretende definir o alcance da expresión “residencia efectiva” aos efectos “do disposto neste artigo”, debería incluírse no artigo anterior, na letra a) do apartado 1, para maior claridade.

Desta forma, o artigo 12 quedaría restrinxido ás “excepcións á esixencia de residencia e empadramento”, e así debería titularse.

Alegación 5.- Referente ao artigo 13:

Debe mellorarse a redacción da única cuestión que non provén da Lei 10/2013, isto é, a referida aos cidadáns e cidadás dun país membro da UE ou dun Estado asinante do AEEE ou Suíza, para os que se especifica que a residencia “deberá ser conforme á normativa vixente”. O certo é que o parágrafo é redundante, por canto a conformidade á normativa vixente xa se recolle no adxectivo “legal” que acompaña ao substantivo “residencia”.



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Alegación 6.- Referente ao artigo 18. “Patrimonio”:

Onde di “se entenderán como bienes patrimoniales” debería dicir “se considerará patrimonio”, para ser mais axustados ao previsto na Lei, que neste punto non ofrece dúbidas.

Alegación 7.- Referente ao artigo 19. “Persoas obrigadas a prestar alimentos”

Insístese no problema de técnica normativa. Neste caso, o artigo do proxecto de decreto reproduce só en parte o texto legal (artigo 16), xerando confusión. Debería seguirse un criterio uniforme e, se coma se di no preámbulo, se considera necesario reproducir preceptos legais, debe facerse en toda a súa extensión.

Alegación 8.- Referente ao artigo 29. “Diagnóstico de empregabilidade”:

O precepto non desenvolve o formato e contido do diagnóstico, como establece que debe facerse o artigo 25 da Lei 10/2013, limitándose a reproducir o referido precepto. O parágrafo 2 do proxecto contén efectivamente unha novidade (o primeiro diagnóstico deberá constar necesariamente no informe de valoración social) volve a incluírse unha remisión ao regulamento que debería evitarse, recollendo o modelo anunciado ou remitíndose a unha futura Orde da Concellería.

3º. ALEGACIÓNS DE FONDO:

En xeral, é necesaria unha revisión das contías mínimas das prestacións sociais galegas. Tendo incorporando como criterio de referencia o SMI (Salario Mínimo Interprofesional), non se pode aceptar que no ano 2018 se parta como base do tramo persoal o 75 % do IPREM (403,38€).

Alegación 1- [Referente ao Art. 2.](#) Non se entende que se faga unha diferenciación entre RISGA e AIS. A primeira é un dereito subxectivo, condicionada ao cumprimento de requisitos, e a segunda é unha prestación social cuxa concesión está supeditada á valoración do órgano de resolución (que loxicamente vai estar condicionada por diferentes criterios profesionais ou pola existencia de orzamento nun momento dado). A proposta é que se segan os mesmos criterios que RISGA: a concesión en base ao cumprimento de requisitos.

Por outra parte, esixir novamente a presenza dalgún factor de exclusión social, volta a deixar fora de acceso a esta prestación dun colectivo poboacional importante que presenta como único factor a carencia de recursos económicos



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Alegación 2.- Referente ao Artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social.

No primeiro apartado, epígrafe c) consideramos máis adecuado substituír o termo “violencia de xénero” polo de “violencia machista” ao resultar máis explícito e acaído.

Proponse engadir no primeiro apartado un novo epígrafe n) sobre a situación de emprego precario: “Estar nunha situación de déficit grave de recursos económicos, emprego precario ou desemprego”.

No segundo apartado indicase: “Para a consideración da ausencia ou déficit grave de recursos económicos, ademais do disposto no art. 11.1 d) poderase ter en conta a valoración xeral da situación económica da persoa solicitante nos seis meses anteriores á presentación da solicitude”. A redacción do artigo é ambigua-“poderase”-, no sentido de que non concreta a finalidade desa valoración nin as consecuencias. A valoración dunha situación pasada non debería repercutir na concesión ou no establecemento da contía da prestación.

Alegación 3.- Referente ao Artigo 10. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación.

Sen prexuízo da proposta de desenvolvemento regulamentario, debería considerarse a necesidade de modificar a Lei 10/2013, para ampliar o acceso nos termos que se indica a continuación.

O desenvolvemento que introduce este artigo respecto no suposto recollido na Lei 10/2013 de “agrupacións voluntarias” é ilegal, por canto introduce unha limitación temporal na percepción da RISGA (máximo de 18 meses) que altera a propia natureza xurídica da RISGA. O Decreto non ten rango suficiente para isto.

E no que respecta á residencia temporal compartida por razón de accidente ou desafuzamento (apartado 6 do artigo 10), sendo admisible neste caso o condicionamento temporal porque o prevé a Lei, non debería establecerse un límite máximo (12 meses) senón deixalo á consideración do órgano de resolución, que deberá xustificar a súa decisión en atención ás circunstancias do caso particular. No caso de accidente, parece lóxico pensar que o prazo virá determinado polos informes médicos que acrediten a situación da persoa afectada.

Alegación 4.- Referente ao Artigo 11.- Requisitos xerais de acceso.

Sen prexuízo da proposta de desenvolvemento regulamentario, debería considerarse a necesidade de modificar a Lei 10/2013, para ampliar o acceso nos termos que se indica a continuación:



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



No primeiro apartado a) sigue esixíndose como requisito un tempo de residencia e empadramento en Galicia de 6 meses inmediatamente anteriores á data de solicitude. Estímase que se debe reducir este tempo a 3 meses

No primeiro apartado, epígrafe b) consideramos adecuado eliminar este requisito ao entender que a prestación debe ter un acceso universal para todas as persoas.

En ningún caso a situación de residencia legal pode ser un requisito de acceso. **O artigo 14.3 da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social**, garante que “os estranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas, debendo entenderse e aplicarse os citados dereitos conforme ás normas previstas no **artigo 3** da mesma lei, nomeadamente a condición de igualdade coas persoas de nacionalidade española e, nos dereitos fundamentais, a interpretación conforme á Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España.”

No primeiro apartado, epígrafe c) consideramos adecuado eliminar este requisito ao entender que a maioría de idade debe de ser o criterio máis acaído e máis xusto.

Alegación 5.- Referente ao artigo 14.- Idade

O desenvolvemento regulamentario que se recolle no apartado a), ao referir o suposto previsto nesta letra ao “momento de alcanzar a maioría de idade” restrinxo o alcance do artigo 15 a) da Lei 10/2013, que non establece a referida condición, polo que é ilegal.

Alegación 6.- Referente ao artigo 15.- Cómputo de ingresos económicos.

O art. 15.1. sinala que “entenderanse como ingresos dos que dispón a UC, o total dos percibidos, entendendo como tales tamén os recoñecidos aínda que non chegasen a facerse efectivos, ...”. A situación de exclusión ou risco de exclusión prodúcese nun tempo determinado e non cambia polo feito de ter recoñecidos dereitos que aínda non se fixeron efectivos. Polo tanto só se deberían computar os ingresos efectivos e no seu momento, cando se perciban os recoñecidos, facer o axuste correspondente.

Igualmente, no art. 15.1.c. se indica c) Ingresos procedentes de pensións e prestacións: Os rendementos procedentes de pensións, prestacións ou subsidios por desemprego ou cesamento de actividade, ou de calquera outra prestación social asimilable, calcularanse da mesma forma que os rendementos de traballo por conta allea. A pensión de alimentos e a pensión compensatoria terán o mesmo tratamento. Computaranse como ingresos os importes deses conceptos que estean afectados por



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



embargo ou retención xudicial, sen que sexan obxecto de desconto. Polas mesmas razóns que non caso anterior, non se poden computar ata que non sexan efectivos.

Alegación 7- Referente ao artigo 16 – Incompatibilidades na percepción da prestación e supostos de minoración

Se ben nos requisitos non hai un máximo de idade para a percepción de RISGA, no art. 16 establécese que non poderán acceder a RISGA aquelas persoas que teñan a idade mínima para poder solicitar unha pensión non contributiva por xubilación. Unha vez máis, ponse en serios problemas ás persoas emigrantes retornadas, que tendo 65 anos de idade, non compren o requisito de residencia en España para ter dereito á PNC. Polo tanto, deberíase modificar este límite de idade e adecualo a normativa en materia de pensións.

Alegación 8.- Referente ao artigo 17.- Criterios xerais para o caso específico das prestacións económicas para a atención das persoas en situación de dependencia.

O art. 17.1.3 sinala que “Cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciba a libranza para coidados no ámbito familiar, aplicarase a regra da compatibilidade e dedución destes ingresos”.

Non deberían descontarse. Proponse a súa eliminación

Descontar as libranzas de coidado significa non recoñecer economicamente (e socialmente) os traballos de coidado de persoas dependentes e afonda na fenda salarial que sofren as mulleres coidadoras, é polo tanto contraria aos principios da lei de Autonomía Persoal e da Lei de Igualdade de Galicia

Desde o punto de vista da protección social, recóllese que non se vai computar como ingresos as libranzas para a adquisición de servizos, pero si as de coidados no contorno familiar. Isto nos parece de suma gravidade, dado que a libranza para coidados no contorno familiar vai dirixida exclusivamente a cubrir gastos extraordinarios das persoas en situación de dependencia, que non se poden afrontar cun cobro dunha RISGA. Trátase dunha desvantaxe importante para as familias e sobre todo para os menores pertencentes a unha unidade de convivencia con RISGA, xa que directamente impide o acceso a servizos de rehabilitación, terapia, atención, cando ademais o sistema público os deriva cara o sistema privado ou de entidades de iniciativa social.

Unha familia perceptora de RISGA non pode beneficiarse dunha libranza para un servizo xa que non pode costear a diferenza do servizo e tampouco pode beneficiarse dunha libranza coidados contorno porque ao deducirle estes ingresos de RISGA terían



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



que destinar esta contía ao aluguer, manutención, etc e non poderían prestar os servizos especializados que require a persoa dependente.

Deducir o importe da libranza para coidados no contorno familiar supón deixar a estas unidades de convivencia nunha situación de elevada vulnerabilidade ou mesmo, de desprotección social

Considéramos que hai dous colectivos poboacionais con necesidades moi específicas: as persoas en situación de dependencia e os menores de idade. As contías que están a recibir ámbolos dous colectivos non están a supor un elemento de protección social, pola baixa contía. Propoñemos que non se deduza do importe de RISGA ningunha prestación económica que puidesen estar recibindo calquera dos dous colectivos; é dicir, ningunha das libranzas de dependencia, as prestacións por fillos a cargo, os acollementos familiares remunerados ou calquera outra que se puidera artellar dende empresas (hai algunhas que contemplan este tipo de prestacións dentro do convenio colectivo dos seus empregados), outras Administracións Públicas ou, mesmo, dende entidades sociais, para contribuír ao seu benestar.

Alegación 9.- Referente ao Artigo 18.- Incompatibilidades na percepción da prestación e supostos de minoración

Proponse a eliminación da incompatibilidade da RISGA coa PNC ao entender que as persoas beneficiarias desta prestación están nunha situación de precariedade.

Manifestamos a nosa preocupación pola desprotección e escaseza de recursos das persoas soas que unicamente teñen como fonte de ingresos unha PNC. No caso de que residan nunha vivenda alugada, estase condenando a estas persoas a unha situación de pobreza absoluta. Unha PNC ascende ao importe mensual de 369.90 €/mes; ten un complemento de aluguer, que supón un importe anual de 526 €/ano (equivalente ao mes a: 43,83 €/mes). En definitiva: consideramos que unha persoa con 413,73 €/mes (369,90 € + 43,83 €) pode cubrir as súas necesidades básicas persoais (alimentación, vestiario, etc.) mais non os gastos derivados dunha vivenda (aluguer, comunidade, suministros básicos, etc.). O seus ingresos estarían por debaixo do IPREM e moi lonxe do SMI e das pensións medias en Galicia.

Alegación 10.- Referente ao artigo 19.- Persoas obrigadas a prestar alimentos.

O dereito á renda non pode depender da existencia de persoas coa obriga de prestar alimentos senón da propia situación ou risco de exclusión valorada tecnicamente.

Proponse por tanto a eliminación deste artigo.



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Alegación 11.- Referente ao artigo 22.- Contido económico do tramo persoal e familiar.

No art. 22.4. as contías son insuficientes e debería discriminarse entre persoas que contan con vivenda propia e persoas que teñen que pagar aluguer. O complemento de aluguer ten que ser unha prestación adicional non computable no tramo persoal e familiar e dunha contía superior ao indicado no anteproxecto no art. 23 (10% IPREM).

Mesmo sería necesario estratificar este complemento en función do contexto socioeconómico da zona xeográfica na que vive a persoa solicitante.

Tampouco se contempla o aluguer de habitacións polo que a xente que ten a súa vivenda/domicilio noutras solución habitacionais, como alugueiro de habitacións e ou residencias temporais, queda excluída da RISGA.

Proponse o aumento da contía da RISGA en todos os tramos.

Alegación 12. Referida ao artigo 23. Supostos de concesión e contía do complemento de alugamento

Se ben a Lei 10/2013, prevía un importe máximo do 25 % do IPREM (pendente de desenvolver regulamentariamente), o novo proxecto mantense no 10 % do IPREM (contía irrisoria, que non supón ningún apoio para as unidades de convivencia con gastos de aloxamento). A maiores, é un complemento restritivo, ao vinculalo a unha determinada porcentaxe dos ingresos (40 %), non ter en conta outras fórmulas de adquisición de vivenda (por exemplo, persoas que vivían das rendas de traballo, que quedan en situación de desemprego e que estaban afrontando gastos de hipoteca), queda fora os que residen en “habitacións alugadas” en vivendas compartidas. A maiores, esixen que os contratos de arrendamento non teñan unha duración inferior a 1 ano, o que limita o acceso por parte da cidadanía a este tipo de complementos.

Estímase que este artigo debe ser revisado na súa totalidade

Alegación 13.- Referente ao artigo 26.- Proxecto de integración social.

Para unha inclusión activa o deseño do proxecto de integración pasa pola implicación efectiva das persoas solicitantes polo que o texto debería recoller esta implicación; proponse como redacción alternativa no artigo 26.4 : “ O proxecto de integración social será deseñado polos servizos sociais comunitarios básicos de maneira consensuada coas persoas beneficiarias ...”



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



No apartado 5 deste artigo sinalase: “Para o seguimento os servizos sociais comunitarios básicos deberán entrevistarse coa persoa beneficiaria...”. Consideramos que para o seguimento é necesario obter toda a información posible, pero non sempre é precisa unha entrevista coa persoa beneficiaria xa que esta información pode vir doutras persoas profesionais que nese momento leven o peso da intervención, recaendo nos servizos sociais comunitarios básicos un papel de coordinación.

Alegación 14- Referente ao artigo 30. Límite de acceso ao tramo de inserción

A limitación engadida neste artigo respecto da previsión legal (máximo de 12 meses de duración da segunda incorporación) excede da previsión legal e invalidaría o regulamento.

Alegación 15- Referente ao artigo 32. Criterios de gradación e límites do contido económico do tramo de inserción:

Do artigo 28 da Lei non se deduce con claridade que poda ser establecido regulamentariamente un límite xeral do 35% do IPREM como contía máxima do complemento de inserción. Suxírese manter o límite máximo legalmente previsto (50%) sen prexuízo de establecer criterios de gradación.

Cando se fai alusión ao “diagnóstico de empregabilidade”, estímase que é necesario facer constar a necesidade de que a persoa usuaria aporte un informe médico para valorar o seu estado de saúde, dado que dende os Servizos Sociais Comunitarios temos dificultades para a obtención deste documento por non ser considerado como preceptivo legalmente.

En liñas xerais, considérase que o procedemento artellado para o tramo de inserción é, á súa vez, complexo e incompleto. Como se vai facer real e efectiva a coordinación entre os sistemas de Servizos Sociais e de Emprego? Cales son as funcións de cada dispositivo?

No “tramo de transición ao emprego” existen aspectos contraditorios. Esixen para ser beneficiarios deste tramo, un contrato por 9 meses, cando isto é difícil de acadar actualmente no mercado laboral. Incluso se contrapón cos tempos actuais de contratación pola modalidade de fomento do emprego (beneficiarios de RISGA).



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Alegación 16. Referida ao artigo 61. Extinción.

Despois dunha resolución de extinción da prestación, non queda claro en canto tempo se pode solicitar de novo.

En diversos artigos faise referencia á emisión de un “informe de valoración social”, cando o que xa se está a emitir e incorporado na plataforma informativa empregada dende os Servizos Sociais Comunitarios (MATIASS) é o ISI (informe social para a área de inclusión social).

No articulado, faise referencia a que sexan os Servizos Sociais Comunitarios Básicos os responsables na xestión e tramitación de RISGA e AIS, deixando aos Específicos o papel de intervir en determinadas áreas. Considérase que isto non é procedente, dado que nalgúns casos a/o profesional que coñece a situación, que valora tecnicamente a mesma e que diseña un itinerario de inclusión, pode ser un/unha traballador/a social dun servizo específico (CIM, Unidades de drogodependencias, etc.). Se temos en conta que se está avanzando na construción e implementación da Historia Social Única, non se aprecia ningún inconveniente para que se puidera xestionar esta prestación dende calquera dos dispositivos dos Servizos Sociais Comunitarios, converténdose a devandita aplicación informática nun instrumento que pode facilitar incluso a coordinación interdepartamental.

4. ALEGACIÓNS AO PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN E SEGUIMENTO POR PARTE DAS ENTIDADES LOCAIS, PROFESIONAIS E SOCIAIS

O texto do Decreto non inclúe ningunha forma de participación e coordinación para a aplicación do presente regulamento. Deste modo, non se prevé ningunha posibilidade de participación no desenvolvemento e seguimento do presente decreto, nin para as entidades locais, responsables dos Servizos Sociais Comunitarios, nin para o persoal técnico dos colexios profesionais, nin para as entidades sociais que coñecen, orientan, asesoran e colaboran coa administración galega para o correcto desenvolvemento e implantación da Lei 10/2013. Formas de participación e seguimento están previstas noutras normativas semellantes como a Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago ou a Renta Garantizada de Cidadanía aprobada por unanimidade polo parlamento catalán en xullo de 2017.



CORUÑA
>PRÓXIMA

FERROL



Polo exposto,

SOLICITAMOS

Que se tomen en consideración as anteriores alegacións en relación ao Proxecto de Decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, no relativo á tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social.

A Coruña, a 17 de xaneiro de 2018

Silvia Cameán Calvete

Tenente de Alcalde de Xustiza Social e Coidados do Conchello da Coruña

Sainza Ruíz Ferreño

Concelleira Delegada Titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller

Concepcion Fernández Fernández

Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos